




DE CABO VILÁN A SANTA MARIÑA

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2020



Distancia: 15 km
Dificultade: media

O concello de Camariñas está situado no centro da Costa da Morte. A costa acolle importantes áreas de interese paisaxístico, xeolóxico e biolóxico e está protexida no LIC/ZEC e ZEPA “Costa da Morte” e no Sitio Natural de Interese Nacional “Cabo Vilán”. Unha camiñada para coñecer un dos puntos máis emblemáticos da Costa da Morte, para percorrer un dos itinerarios máis coñecidos desta contorna (o tramo entre Vilán e o cabo Tosto) e ir un pouco máis alá. Un traxecto duns 15 km, incluídos os desvíos, por un trazado cómodo, a non ser no achegamento á punta da Pedrosa, a baixada ás praias polo atallo e achegarse á punta do cabo Veo; polo litoral do LIC/ZEC Costa da Morte, dentro do concello de Camariñas.



Coído e cabo do Vilán

PERCORRIDO

Comezamos no **faro de Cabo Vilán** desandando o camiño que fixemos para achegarnos a el e, ao chegar ao sitio onde se deixan os coches, coller un carreiro que se achega ao **coído da Arnela** e sube á pista, con berma acondicionada para os peóns, que vai ser a base de parte do noso itinerario, e desde ela imos vendo desde o alto a **enseada da Arneliña** e como mudan as formas do cabo Vilán. Chegando á **Pedrosa** hai un espazo de aparcamento e un carreiro que permite achegarse aos cantís da punta, e un pouco máis adiante un desvío á esquerda polo que podemos baixar á **praia**, a onde tamén se chega seguindo polo camiño principal. Desde a praia temos carreiros para pasar polas puntas e os areais (á altura da **praia de Area Longa** temos por enriba da pista o **foxo do lobo**). Pasada a praia de Area Longa temos diante a **punta dos Forcados**, onde se atopan as coñecidas rochas con nome propio e formas suxerentes (**O Oso, Os Amantes...**), e despois a **praia de Reira** o último areal deste tramo. A partir de aquí seguimos pola pista, o litoral é unha liña case recta de rochedo erosionado e cantís de pouca altura que só se altera ao pé da **Laxe de Reira**, onde forma un pequeno abrigo co seu coído, e vemos mar adentro as **Baleas do Tosto**, e un pouco máis adiante a **Laxe dos Difuntos** onde se forma o **seo de Lucín**. Ao pasar o seo de Lucín deixamos a pista, collemos un desvío á esquerda para achegarnos á punta do Boi e o seu coído, que forman a punta do Cabo Tosto, e onde a costa cambia de dirección para entrar na **Enseada do Trece** onde o primeiro elemento de destaque é o **Cemiterio dos Ingleses** que acolle os restos dos naufragos do buque escola *Serpent* afundido nesta costa. Seguimos pola beira, sen volver xa á pista que neste punto comeza a alonxarse do mar para ir gañando a altura necesaria para superar o **monte do Veo**, para pasar pola **enseada do Batel**, a **punta das Paredes** e percorrer a **Praia do Trece** que conserva un completo sistema dunar que inclúe unha duna remontante, na que o vento leva a area ata o **cume do Veo**, e tamén acolle algunhas das últimas camariñas que quedan na costa de Galiza, e no remate da praia podemos, aproveitando os carreiros do Camiño dos Faros, subir ao **Penal do Veo** e baixar ao **porto de Santa Mariña** ou seguir cara á punta do cabo e rodeándoa ir ao porto de Santa Mariña onde rematamos.




O faro de Cabo Vilán inaugurado en 1854 e posteriormente renovado, foi o primeiro do Estado en ter luz eléctrica (desde 1896).



CABO VILÁN. Un farallón formado na súa maior parte de rochas graníticas de cor vermella (granito de dúas micas) acompañado de xistos e cuarcitas con cantís de ata 80 m de altura. No extremo do cabo atópanse os illotes de Vilán de Terra e Vilán de Fóra

Foi declarado Sitio Natural de Interese Nacional en 1933.

A pesar de ser un dos espazos protexidos máis emblemáticos de Galiza sufriu algunhas alteracións pouco axeitadas ao seu valor natural e paisaxístico como a construción dun parque eólico e unha piscifactoría.



Araos dos cons (*Uria aalge*) Ave outrora común, pero cada día máis escasa na costa galega. Aniñaban nos illotes de Cabo Vilán.



Punta Estrunfo. Furna dos Infernos.



Enseada da Arneliña



Percebes (*Pollicipes cornucopia*), o marisco máis representativo da Costa da Morte e un dos recursos máis importantes.





Coído da Arnela



Os Poxados



Enseada da Arneliña



Punta da Pedrosa





Praia e punta da Pedrosa



A Posteira



Praia da Balea



Foxo do Lobo nas proximidades da praia de Area Longa



Praia de Area Longa. As praias desde tramo costeiro son moi expostas e con poucas condicións para o baño, pero a cambio ofrecen o encanto da tranquilidade e a beleza dunha paisaxe case virxe.



Os Amantes

Moitas das rochas desta costa teñen formas suxerentes que inspiraron á xente a porlle nomes.



O Caudillo




Pedra do Oso



Praia de reira e punta Forcados



Praia da Reira



As Baleas de Tosto desde Laxe da Reira



Laxe dos Defuntos



Seo e coído de Lucín



Cemiterio dos Ingleses no cabo do Trece, onde están soterradas os 172 náufragos do Serpent, buque-escola da mariña británica que afundeu nas rochas desta costa.



Cabo Tosto ou do Trece




Boleira ou Coído en Cabo Tosto ou do Trece. O intenso traballo do mar formou unha rasa de abrasión que remata na punta do Boi e na que se acumulan bolos de granito desgastado polas ondas que forman os coídos ou boleiras.



Vista desde o miradoiro do Alto da Gruita: de cabo Tosto a Cabo Veo



Punta das Paredes e seo do Batel



A praia do Trece, cunha lonxitude de 1.260 m, acolle un bo sistema dunar onde se conservan especies pouco comúns noutras zonas da costa, como as camarifiñas.



As dunas e coídos do Trece conservan a principal poboación de Galiza de camarifiñas (*Corema album*), unha planta que na actualidade está case extinguida, pero debeu abondar noutros tempos xa que deu lugar a topónimos como Camariñas ou Pobra do Caramiñal. A nivel mundial está considerada en Perigo Crítico de Extinción.



Monte do Veo. Os fortes ventos dominantes (fundamentalmente do oeste) acumulan unha grande cantidade de area nas abas próximas á costa. A area forma placas que se manteñen sobre as pendentes (dunas remontantes) grazas á humidade e á fixación das plantas.



Penal do Veo, e cabo Veo e illas Cagadas



As Laxiñas, na punta do Capelo, en Santa Mariña

Punta e peirao de Santa Mariña desde o monte do Veo